


LIMPEZAS ECOLÓXICAS NA CORUÑA. PRAIAS E RÍOS SEN PLÁSTICOS.

Memoria Técnica



ADEGA
Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza
Educación ambiental
adega@adega.gal
www.adega.gal

ÍNDICE

1. Contexto.....	2
2. Limpezas de Rios.....	3
3. Xornada.....	3-4
4. Comunicación e Redes Sociais.....	5
5. Equipa de traballo.....	5
6. Memoria fotográfica.....	6
7. Publicidade.....	7-12

Contexto.

ADEGA vén organizando dende hai anos limpezas simultánea de ríos e praias en toda Galiza, coa pretensión, non tanto de retirar moitas toneladas de lixo, que tamén, como coa finalidade de divulgar a necesidade de realizar unha limpeza de residuos responsable co medio. Nestas actividades teñen participado activamente diferentes tipos de entidades sociais locais como asociacións, centros de ensino e concellos, grupos de submarinismo, escolas de surf,....

A crecente sensibilización da cidadanía fronte á degradación ambiental ten levado a moitas persoas e entidades a organizar limpezas de ríos e praias. En ocasións, algúns dos “refugallos” presentes na natureza non representan un perigo para o ecosistema, e non deberían ser considerados como tal nin retirados, caso de madeiras e troncos que poden cumprir unha función no medio para o acubillo de certas especies. Noutras ocasións, os materiais depositados poden supoñer unha fonte de contaminación debido ás substancias que as compoñen (pilas, aceites de coche, baterías, produtos de fitosanitarios, etc.) ou ben porque poden provocar alteracións en certos organismos.

A pesar de que anualmente se realicen estas tarefas é necesario seguir facendo periodicamente limpezas nos nosos ríos e praias. Realizando estas actividades evitamos que moito de ese lixo e contaminación remate nos nosos mares e contamine as nosas terras. Estas actividades non deberían ser un acto puntual ou illado, se non ser de carácter periódico e expoñendo un problema real.

Non debemos esquecer que os ecosistemas acuáticos están conectados e o lixo que se atopa nos ríos remata nos nosos mares e océanos. De toda a produción de plásticos mundiais, cada ano máis de 8 millóns de toneladas de plásticos acaban nos **sistemas acuáticos**. A degradación deste residuo pola acción do sol, da auga, do vento e da forza das mareas e das ondas, provoca a súa disgregación en microplásticos pasando así a formar parte da cadea trófica, dando lugar a un problema ambiental e social a nivel mundial. Estímase que uns 100.000 mamíferos mariños e un millón de aves morren cada ano por contaminación de plásticos.

Limpezas de Ríos e Praias.

Durante este ano 2022 realizáronse 5 limpezas 3 de praias e 2 de ríos no concello da Coruña.

Este ano dous das Limpezas de Praias foron realizadas polo centro de ensinanza C.P.R. Colexio Plurilingüe os Franciscanos a primeira realizouse o 26 de setembro na praia de Riazor, nesa primeira limpeza a equipa de educación ambiental de ADEGA acudiu previamente ao centro de ensinanza para impartir unha charla a alumnado sobre a problemática do lixo mariño, especificamente na costa galega e de como realizar unha limpeza ecolóxica de praias. Posteriormente acudiron a praia: profesorado, alumnado e educadoras ambientais a realizar unha limpeza. Aínda que a simple vista a praia parecía limpa atopáronse moitos restos de lixo de pequeno tamaño. Ao final da limpeza fíxose unha caracterización do lixo recollido. Con este mesmo centro de ensino e realizando a limpeza co outra aula, repetiuse a actividade o 14 de outubro coincidido así coa Limpeza Simultánea de Praias que organizo ADEGA, na que nese mesmo día máis dunha vintena de centros de ensinanza da costa galego realizaron limpezas de praias.

O día 17 de Setembro coincidindo co “Día Mundial das Praias” realizouse unha limpeza con voluntariado na Praia de Bens. Este areal é uns do que máis lixo alberga na contorna, hai moitos restos que proveñen da depurado debido os problemas anteriormente citados.

Tamén se desenvolveron dous limpezas de Ríos por diferentes treitos do Río Monelos, unha coa “ Semente Corunha” na que os pequenos puideron observar como algunha xente coida moi mal os ríos e deixa tirado todos os seu restos no leito do mesmo, malas prácticas arraigadas dende fai anos que hai que corraxir para evitar crear puntos vertedoiro. No mes de decembro realizouse outra limpeza con voluntariado.

Xornada “Preservación dos mares a través das limpezas ecolóxicas”

Coincidindo coa Semana Europea de Prevención de Residuos, o 25 de novembro tivo lugar a xornada de formación de voluntariado ambiental en limpezas de praias. Nesta xornada tivemos un total de catro poñentes que explicaron a importancia da preservación do nosos areais en correcto estado:

- **Atocha Ramos**, bióloga e desenvolve a súa carreira profesional nos eidos da consultoría e educación ambiental. É membro do Grupo Naturalista Hábitat dende hai 15 anos, falou sobre a experiencia coa charla “Unha década recollendo lixo”. O Grupo Naturalista Hábitat leva 10 anos desenvolvendo diferentes iniciativas, ás veces en colaboración con outras entidades, para retirar lixo das costas galegas. Ademais do efecto positivo directo que isto ten no medio natural, é un bo mecanismo de sensibilización e educación ambiental, e a análise dos residuos recollidos permiten

saber cales son as fontes sobre as que é preciso actuar. Nesta charla expoñeranse accións levadas a cabo e resultados obtidos.

- **Xandro García**, biólogo mariño e patrón. Realizo rutas interpretativas pola baía da Coruña abordo do Galeón Punta Pragueira, unha embarcación tradicional galega. Traballa como profesional independente para empresas de consultoría ambiental e como divulgador científico, presentou a súa palestra “Miña nai limpa a praia dende casa”. A grande diversidade de animais e plantas que existe nas praias pasa moitas veces desapercibida cando imos tirar a toalla na area, pero incluso debaixo dos nosos pés podemos atopar unha grande diversidade de seres vivos se sabemos mirar ben. Miles de persoas participan nas limpezas de praias que organiza ADEGA pero tamén hai moitas outras cousas que podemos facer dende as nosas casas para conservar este entorno natural.
- **Fins Eirexas**, xeólogo e secretario técnico de ADEGA. Dirixiu un proxecto formativo e de intervención sobre o lixo mariño no GALP Costa Sostible, seo de Fisterra e Muros-Noia entre 2019 e 2020, proporcionounos a visión das mariscadoras a través da charla “A problemática do lixo mariño”. Orixe e impactos do lixo mariño nos ecosistemas naturais e recursos pesqueiros. Medidas de prevención e boas prácticas para reducir a verteduras de plásticos no mar.
- **Itziar Díaz**, bióloga e educadora ambiental de ADEGA dende o 2017 e vogal de litoral. Coordinadora da Limpeza Simultánea de praias dos últimos 4 anos falou sobre o papel do voluntariado nestas limpezas a través da presentación “Lixo mariño e participación social”. O lixo mariño é unhas dos grandes descoñecidos, aínda que actualmente sábese máis de el. AS limpezas Simultánea de praias teñen unha gran participación social, pero observamos tamén unha gran desinformación sobre a procedencia do lixo que aparece nos areais. A educación ambiental e a formación do voluntariado son claves para poder ter unha correcta e respectuosa acción social no medio ambiente.

A cada participante entregóuselle un folleto presentado as xornadas e con un breve resumo das palestras que se axuntará xunto a memoria técnica.

Comunicación e redes sociais.

- Enviouse un correo específico para Centros de Ensino, ANPAS, asociacións e voluntariado en xeral , posteriormente contactouse por teléfono con cada un de eles.
- Fixéronse deseños específicos para as limpezas e a xornada adaptándoos a formato para RRSS e poder compartir se ningún problema.
- Divulgación nas RRSS.
- Creación dun publireportaxe que aparecerá na Cerna nº 89.
- Edición de vídeos das xornadas e colgados no Youtube de ADEGA para a súa difusión.

Equipa de traballo.

As actividades e organización dentro do convenio “A Coruña, por uns Ríos Limpos!” foron desenvolvidas por un equipo multidisciplinar de educadores ambientais e persoal de comunicación de ADEGA

Coordinación:

Itziar Díaz Feijóo. Licenciada en Bioloxía Educadora Ambiental.

Equipa de Traballo:

Francisco Bañobre González. Licenciado en Bioloxía e Educador Ambiental.

Ramsés Pérez Rodríguez, Pedagogo e Educador Ambiental.

Maria Amigo regueiro, Graduada en Bioloxía e Educadora Ambiental.

Fins Eirexas Santamaría, Licenciado en Xeoloxía e secretario técnico de ADEGA.

Uxía Iglesias Reviejo, Graduada en Periodismo e xornalista de ADEGA.

Memoria fotográfica.

Limpezas de Praias e Ríos.



Xornada “Preservación dos mares a través das limpezas ecolóxicas”





Publicidade.

Páxinas web.

Inicio / Novas / Todas / ADEGA asina un convenio co concello da Coruña...

09/09/2022

ADEGA asina un convenio co concello da Coruña para a realización de Limpezas Ecolóxicas

Esta mañá tivo lugar a sinatura do convenio que ADEGA ten concertado co concello da Coruña para o desenvolvemento de actividades de concienciación e sensibilización ambiental na cidade durante o ano 2022. Por parte de ADEGA asistiu ao acto de sinatura a vicepresidencia da organización, Verónica Torrijos, e por parte do Concello, a súa concelleira de Medio Ambiente, Esther Fontán.

En virtude deste convenio denominado "Preservación dos mares e ríos. Limpezas ecolóxicas", ADEGA realizará ao longo deste último cuadrimestre de ano varias actuacións de limpeza ecolóxica en ríos e praias da Coruña, coa colaboración altruista de voluntariado ambiental.

A primeira destas accións terá lugar xa o vindeiro sábado, 17 de setembro, con motivo do Día Mundial da limpeza de Praias, proclamado pola organización The Ocean Conservancy, cuxa orixe tivo lugar na campaña internacional de limpeza de costas "International Coastal CleanUp", que se celebra en 150 países de todo o mundo. Esta primeira limpeza celebrarase na praia de "Bens", onde se fará tamén unha caracterización do lixo atopado.

Alén das limpezas, o programa de actividades completárase coa organización dunha xornada divulgativa sobre limpezas ecolóxicas nos ecosistemas fluviais e litorais no mes de novembro, coincidindo coa Semana Europea de Prevención de Resíduos. Neste encontro destinado a todo tipo de públicos, participarán especialistas na materia e colectivos con experiencia na retirada ecolóxica de residuos da contorna natural, sempre baixo a máxima de que "o mellor residuo é aquel que non se xera".

Este é o segundo ano que ADEGA recibe esta axuda nominativa de 10 000 euros por parte do concello herculino.

Apúntate ás limpezas ecolóxicas de ADEGA na Coruña!

Desde ADEGA animamos a todo tipo de colectivos (ANPAS, Centros de ensino, Scouts...) e persoas a participar nas limpezas ecolóxicas do concello da Coruña. Tanto colectivos como particulares poderán impulsar a creación do seu propio grupo de voluntariado e realizar unha ou varias das limpezas.

Todas as actuacións estarán supervisadas por ADEGA e contarán co acompañamento da equipa de educación ambiental da asociación ecologista. Para anotarse ás actividades previstas no marco deste programa de limpezas, haberá que enviar un correo electrónico a lxciar@adega.gal ou chamar ao número 699.217.310, indicando a data e horario no que o teu grupo estaría interesado/a en participar.

No caso de que non teñas grupo, enviamos igualmente os teus datos para incorporarte




INICIO ORGANIZACIÓN NOVAS AXENDA ÁREAS TEMÁTICAS PROXECTOS CAMPAÑAS MULTIMEDIA PASA Á ACCIÓN

Inicio / Buscador / A Coruña acollerá unha xornada sobre limpezas ecolóxicas

18/11/2022

A Coruña acollerá unha xornada sobre limpezas ecolóxicas de praias, no centro Cultural Alexandre Bóveda o venres 25N

Coincido coa Semana Europea de prevención de Residuos, o vindeiro venres, 25 de novembro, a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA) celebrará unha xornada divulgativa titulada "Preservación dos mares a través das limpezas ecolóxicas" na cidade da Coruña, que estará aberta ao público xeral. O encontro, que conta co apoio económico do concello da Coruña, terá como obxectivo principal dar a coñecer con maior profundidade a problemática do lixo marítimo en Galicia e a importancia de efectuar limpezas ecolóxicas nos nosos areais.

Nesta xornada tamén se darán a coñecer diversas experiencias de limpezas ecolóxicas. Alén da ampla trayectoria da asociación ecologista ADEGA na organización e coordinación de centos de limpezas ecolóxicas, ano tras ano, en ríos e praias de todo o país, tamén se compartirán os coñecementos adquiridos neste senso por outras entidades ambientalistas que operan na cidade coruñesa, como o Grupo Naturalista Hábitat ou a iniciativa "marabaibo.gal". As entidades convidadas a participar coa sociedade coruñesa e a súa experiencia tamén tratarán de responder ás cuestións de "por que?", "para que?" e "como?" na realización das limpezas ecolóxicas en ecosistemas litorais.

Intervirán nesta xornada divulgativa sobre limpezas ecolóxicas de praias, organizada por ADEGA, as seguintes persoas:

- Atocha Ramos, membro de GN Hábitat: "Unha década recollendo lixo"
- Xandro García, director de marabaibo.gal: "Miña nai limpa a praia desde a casa"
- Fins Eireas, xéologo e secretario técnico de ADEGA: "A problemática do lixo marítimo"
- Iñazar Díaz, educadora ambiental de ADEGA: "Lixo marítimo e participación social"

Logo das intervencións haberá espazo para a reflexión e debate co público asistente.

A xornada "Preservación dos mares a través das limpezas ecolóxicas" terá lugar o sábado, 25 de novembro, no local da Asociación Cultural de Alexandre Bóveda, sito na Rúa Olmos da Coruña, de 17.00h a 20.00h.

Lixo marítimo, o maior inimigo dos mares

Os residuos que acaban nos mares e océanos teñen graves consecuencias para a os ecosistemas mariños, pois máis de 1.000.000 de aves mariñas e 100.000 mamíferos e tartarugas moren cada ano enredados ou por inxestión do lixo marítimo. E poden afectar de forma directa á saúde humana, xa que moitos destes residuos conteñen

Programa

- 17:00 Recepción de participantes e presentación das xornadas
- 17:30 Presentación de pósteres e inicio da mesa redonda
- 18:00 Mesa redonda
- 19:00 Debate
- 20:00 Peche da xornada

Poñentes

Unha década recollendo lixo
Atocha Ramos
GN Hábitat

Miña nai limpa a praia desde a casa
Xandro García
Marabaibo.gal

A problemática do lixo marítimo
Fins Eireas
Xéologo e secretario técnico de ADEGA

Lixo marítimo e participación social
Iñazar Díaz
Educatriz ambiental de ADEGA

Miña nai limpa a praia desde a casa

18/11/2022

A Coruña acollerá unha xornada sobre limpezas ecolóxicas de praias, no centro Cultural Alexandre Bóveda o venres 25N

No encontro, ADEGA, GN Hábitat e Marabaibo.gal compartirán as súas experiencias e coñecementos sobre limpezas ecolóxicas de praias ou ecosistemas litorais o sábado 25 de novembro, na sede da asociación cultural Alexandre Bóveda da Coruña.

[-info](#)

Grupo Naturalista Hábitat

Inicio Nós Colabora Actividades Publicacións Blog

Poñentes

Unha década recollendo lixo
Atocha Ramos
GN Hábitat

Miña nai limpa a praia desde a casa
Xandro García
Marabaibo.gal

A problemática do lixo marítimo
Fins Eireas
Xéologo e secretario técnico de ADEGA

Lixo marítimo e participación social
Iñazar Díaz
Educatriz ambiental de ADEGA

Coincido coa Semana Europea de prevención de Residuos, ADEGA celebra a xornada "Preservación dos mares a través das limpezas ecolóxicas", para dar a coñecer con maior profundidade a problemática do lixo marítimo e a importancia das limpezas ecolóxicas dos nosos areais. O evento contará coa participación da nosa entidade, cunha presentación titulada "Unha década recollendo lixo", que será impartida pola bióloga e membro do Grupo, Atocha Ramos, quen fará un repaso ás actividades e logros acadados nestes 10 anos de limpeza do medio natural.

Será este **venres, 25 de novembro, de 17 a 20h, no local da Asociación cultural Alexandre Bóveda** (rúa Olmos 16, 1ª. A Coruña - ver localización no mapa).

Toda a información sobre a xornada na seguinte ligazón á web d@is.compañeir@ de ADEGA:

[A xornada sobre limpezas ecolóxicas de praias e ecosistemas litorais](#)

Comentarios recentes

- > Raquel Poncini en II Curso Práctico de Entomoloxía: Lepidópteros
- > Juanda en IX promoción Escola de Naturalistas. Piomiedo, beleza ao natural.
- > Mónica Velázquez Couto en IX promoción Escola de Naturalistas. Piomiedo, beleza ao natural.
- > Juanda en Estado de conservación de los helechos riparios más amenazados de Galicia.
- > Lilo Coira en Estado de conservación de los helechos riparios más amenazados de Galicia.

Historico

- > Xaneiro 2023
- > Decembro 2022
- > Novembro 2022



GALICIA AMBIENTAL

INICIO A ASOCIACIÓN PROXECTOS GALICIA AO NATURAL NOVAS COMUNICACIÓN CONTACTO

CONCEBER UNHA ECONOMÍA CIRCULAR QUE SEGURO E SOSTIBLE EN TODOS OS SECTORES ECONÓMICOS QUE COEXISTEN E QUE SOSTÉN O CALIDAD DE VIDA E O BIENESTAR DA Poboación. A EWRW traballa coa **xerarquía de residuos**. As súas accións centranse nos 3R (as que consideran principios a ter en conta para reutilizar os hábitos de consumo): a redución do consumo; a reutilización de produtos e materiais; e a reciclaxe de residuos. Ademais dos 3R, tamén fan limpezas para **concientizar sobre o problema do lixo**. A Semana Europea ten como obxectivos principais: dar a coñecer estratexias da redución de residuos e a política da UE a dos seus Estados Membros nesta materia; fomentar accións posibles para reducir os residuos en todo Europa; facer públicos os temas ligados a cabo polos diversos sectores mediante exemplos concretos; e facer cambiar o comportamento dos europeos en canto a consumo e produción. Esta edición explora o tema dos **hábitos circulares e sostenibles**, analizando o impacto que este sector ten no noso planeta e na sociedade. Inspíranos non só as cidadáns como consumidores para que actúen, por exemplo, cambiando a súa forma de usar e comprar roupa, senón tamén ás autoridades públicas, ás empresas privadas e os ONG para que sexan protagonistas da transición ata unha industria téxtil máis circular. Neste sentido, promove, apoia e orienta **novas solucións de produción, uso, eliminación e reutilización do téxtil**. A industria téxtil é do conxunto de **un dos sectores máis contaminantes**, xunto co vivendo, o transporte e a alimentación, isto débese ao forte impacto que ten o uso do solo, a contaminación da auga e incluso as emisións de efecto invernadero. Este sector ten un alto impacto ambiental e social en todas as fases: desde a produción ata a distribución, o uso e o post-uso (recollida, clasificación, reciclaxe e xestión final dos residuos). Neste sentido, a EWRW indica a **necesidade dun cambio**, querendo formar parte desta transición: **ADEGA celebra unha xornada sobre limpezas ecolóxicas de praias** coincido coa Semana Europea de Prevención de Residuos, o vindeiro venres, **25 de novembro**, o **Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA)** celebrará unha xornada divulgativa titulada "Preservación dos mares a través das limpezas ecolóxicas" na cidade da Coruña. O encontro, que estará aberto ao público xeral, terá como obxectivo principal "dar a coñecer con maior profundidade a problemática do lixo marítimo en Galicia e a importancia de efectuar limpezas ecolóxicas nos nosos areais". A xornada terá lugar no local da Asociación Cultural de Alexandre Bóveda, sito na Rúa Olmos da Coruña, de 17.00h a 20.00h. For outra banda, darase a coñecer diversas **experiencias de limpezas ecolóxicas**. Alén da ampla trayectoria de ADEGA na organización e coordinación de centos de limpezas ecolóxicas, tamén se compartirán os coñecementos adquiridos neste senso por outras entidades ambientalistas que operan na cidade da Coruña, como o Grupo Naturalista Hábitat ou a iniciativa "marabaibo.gal". Neste sentido, ADEGA lembra que os residuos que acaban nos mares e nos océanos teñen **graves consecuencias para os ecosistemas mariños**, xa que máis de 1.000.000 de aves mariñas e 100.000 mamíferos e tartarugas moren cada ano enredados ou por inxestión do lixo marítimo. Ademais, esta problemática ambiental pode afectar tamén á **saúde humana** e causar grandes **perdas económicas**. Intervirán nesta xornada divulgativa sobre limpezas ecolóxicas de praias as seguintes persoas: Atocha Ramos, membro do GN Hábitat: "Unha década recollendo lixo"; Xandro García, director de marabaibo.gal: "Miña nai limpa a praia desde a casa"; Fins Eireas, xéologo e secretario técnico de ADEGA: "A problemática do lixo marítimo"; Iñazar Díaz, educadora ambiental de ADEGA: "Lixo marítimo e participación social". Logo das intervencións, haberá espazo para a **reflexión e debate** co público asistente.

Redes sociais.





Youtube ADEGA.



Unha década recolectando lixo | Atocha Ramos

ADEGA Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

4 visualizacións · hace 20 horas

A bióloga e investigadora Atocha Ramos explica o traballo desenvolvido polo GN Hábitat para o coidado dos ríos e mares no marco das xornadas "Preservación dos mares a través das limpeza ecolóxicas", organizadas por ADEGA en colaboración co Concello da Coruña. [Mostrar máis](#)



Lixo mariño e participación social | Itzar Diaz

ADEGA Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

4 visualizacións · hace 21 horas

1 en valor a formación do voluntariado fronte á gran desinformación sobre a procedencia do lixo que aparece nos areais, no marco das xornadas "Preservación dos mares a través das limpeza ecolóxicas", organizadas por ADEGA en colaboración co Concello da Coruña.



Miña nai limpa a praia dende a casa | Xandro Garcia

ADEGA Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

8 visualizacións · hace 21 horas

O director de medioambiente, Xandro Garcia, analiza como tamén dende as propias casas podemos limpar os nosos mares, no marco das xornadas "Preservación dos mares a través das limpeza ecolóxicas", organizadas por ADEGA en colaboración co Concello da Coruña. [Mostrar máis](#)



A problemática do lixo mariño | Fins Eirexas

ADEGA Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

3 visualizacións · hace 21 horas

O xefe de medioambiente, Fins Eirexas, analiza a orixe e impactos do lixo mariño nos ecosistemas naturais e recursos pesqueiros, no marco da xornada "Preservación dos mares a través das limpeza ecolóxicas", organizada por ADEGA en colaboración co Concello da Coruña. [Mostrar máis](#)



ADEGA
Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza
Educación ambiental

adega@adega.gal
www.adega.gal

Asinado pola coordinadora do proxecto, Itziar Díaz